Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

SOCIAIS

3

Tema 06

Convivimos en sociedade

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina de entrada o alumnado realizará un primeiro contacto coa Declaración dos Dereitos do Neno.
- Os alumnos lerán unha selección dalgúns dos seus artigos e deberán:
  - Responder preguntas sobre o contido dalgún dos seus artigos.
  - Representar mediante un debuxo o significado dun dos seus artigos.

Solucións das actividades

1. Actividade e resposta persoal.

Ademais dos seis artigos que mostramos nesta dobre páxina contén catro artigos máis que establecen os seguintes dereitos:

7. O dereito a actividades recreativas e a unha educación gratuíta.
8. O dereito a estar entre os primeiros en recibir axuda en calquera circunstancia.
9. O dereito á protección contra o abandono, a crueldade e a explotación.
10. O dereito a ser criado cun espírito de comprensión, tolerancia, amizade entre os pobos e irmandade.

2. Resposta persoal.

A modo de exemplo, podemos dicir que a aplicación dos dereitos do neno non é igual en todos os lugares do mundo. Inflúe a situación na que se encontra cada país:

- *Nivel de riqueza ou de pobreza.*
- *Situación de guerra ou de conflito racial, relixioso, etc.*
- *Réximes políticos, etc.*

Podemos mostrarlles aos alumnos un mapa que pode darnos unha idea xeral de cal é a situación dos dereitos dos nenos no mundo.

Este mapa encontrarémolo na seguinte páxina web:

http://www.tiching.com/677521

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Interpersoal	1	Ler a Declaración dos Dereitos do Neno e reflexionar se no propio caso se cumpren.
Espacial	6	Debuxar o contido dun artigo da Declaración dos Dereitos do Neno respectando as proporcións.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Defender a igualdade de dereitos, rexeitando a intolerancia por razón de idade, sexo ou raza.	Coñecer a Declaración dos Dereitos do Neno, o contido dos seus artigos e razoar se se cumpre en todos os países. Act. 1-6.
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender.	Buscar en internet a Declaración dos Dereitos do Neno. Act. 1.
Comunicación lingüística	Ler un texto e responder as preguntas sobre o seu contido.	Ler unha declaración de dereitos e comentar o seu contido. Act. 3 a 6.
Conciencia e expresións culturais	Realizar traballos manuais seguindo as instrucións que se propoñen.	Realizar un debuxo que recolla o significado de un dos artigos da Declaración dos Dereitos do Neno. Act. 6.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)



Dereitos da Infancia

A Declaración dos Dereitos do Neno inclúe 10 artigos que explican os dereitos que teñen os nenos e nenas do mundo. Estes dereitos, aprobados por case todos os países, deben ser garantidos polos adultos e mais os gobernos.

Artigo 1. O neno gozará de todos os dereitos enunciados nesta declaración sen distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinións políticas ou doutra índole, orixe nacional ou social e posición económica.

Artigo 2. O neno gozará dunha protección especial para que poida medrar física, mental, moral, espiritual e socialmente san e libre.

Artigo 3. O neno ten dereito a un nome e a unha nacionalidade.

Artigo 4. O neno terá dereito a medrar e desenvolverse en boa saúde. Para iso asegurarásselle alimentación, vivenda e servizos médicos axeitados.

Artigo 5. Garántese o dereito á educación e a atencións especiais para os nenos física e mentalmente diminuídos.

Artigo 6. O neno ten dereito a comprensión e amor por parte das familias e da sociedade.

Declaración dos Dereitos do Neno, ONU, 1959.

Le e comprende

3. Que nenos e nenas coidas que poden gozar destes dereitos segundo o artigo 1?
4. Que se lles ten que asegurar aos nenos e nenas, segundo o artigo 4, para que medren e se desenvolvan en boa saúde?
5. Que afirma o artigo 6 que as familias e a sociedade lles deben dar aos nenos e nenas?

Exprésate con debuxos

6. Escolle un dos artigos da Declaración e fai un debuxo que explique o seu significado.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/685831 – Páxina web que ofrece animacións, preguntas e actividades interactivas sobre os Dereitos da Infancia. Visitaremos o enlace e preguntaremos:
  - *Cres que hoxe en día aínda hai nenos e nenas que non poden gozar destes dereitos? Por que?*
  - *En que zonas cres que os nenos e nenas non poden gozar destes dereitos?*
  - *Na túa aldea, cidade ou barrio coñeces algún neno ou nena que non poida ter estes dereitos?*

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

3. Todos os nenos poden gozar dos dereitos recollidos nesta declaración, sen distinción de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinións políticas ou doutra índole, orixe nacional ou social e posición económica.
4. Para que medren e se desenvolvan en boa saúde ténselles que asegurar a alimentación, a vivenda e os servizos médicos adecuados.
5. Segundo o artigo 6 as familias e a sociedade deben proporcionarlles aos nenos a comprensión e o amor ao que teñen dereito.
6. Actividade persoal. A modo de exemplo mostramos en relación a cada un dos artigos os debuxos que encontraremos na seguinte páxina web:

   http://www.tiching.com/677496

Actividades de reforzo

1. Ditarémoslles aos alumnos as afirmacións seguintes e marcarán cunha cruz as que sexan Dereitos da Infancia:

- Garántese o dereito a medrar e desenvolverse en boa saúde.
- O neno terá dereito a mirar a televisión cada día da semana.
- O neno ten dereito a un nome e a unha nacionalidade.
- O neno ten dereito á comprensión e ao amor por parte da familia.
- O neno terá dereito a traballar en lugar de ir á escola.
- Garántese o dereito a recibir unha bicicleta nova cada ano

Solución: Son Dereitos da Infancia a primeira afirmación, a terceira e a cuarta.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta sección ten por obxectivo sinalar as principais características que definen a convivencia. Os alumnos deberán:
- Comprender a necesidade de establecer e cumprir unhas normas de convivencia.
- Recoñecer a importancia das leis e as consecuencias do seu incumprimento.
- Destacar a importancia da diferenza sen esquecer que ao mesmo tempo somos iguais.
- Coñecer a existencia e a organización do voluntariado.

Solucións das actividades

1. Resposta persoal. A modo de exemplo, podemos dicir que si.

É fundamental cumprir coas normas de convivencia porque son as normas comúns que regulan a nosa relación cos demais.

Se as incumprimos pomos en risco a convivencia porque cada un buscará de forma egoísta os seus obxectivos sen ter en conta os demais.

É como se durante un xogo, de repente, deixasen de se respectar as regras que todos deben cumprir.

Podemos sinalar que as dúas normas de convivencia máis importantes son:

1. Cumprir coas nosas obrigacións e responsabilidades.

2. Respectar os demais.

2. As normas morais son aquelas que favorecen a convivencia pero que, se non se cumpren, supoñen o rexeitamento dos demais que non as seguen.

As normas legais ou leis tamén favorecen a convivencia e supoñen un rexeitamento para quen as incumpren pero, ademais, o seu incumprimento supón un castigo que pode ir desde unha multa á perda de liberdade.

3. O sentido da frase "Todos somos diferentes pero iguais" é o seguinte:

1 A convivencia humana

A diario, desde o momento en que nos erguemos, relacionámonos e convivimos con moitas persoas: a familia, os veciños, os compañeiros e os profesores e profesoras do colexio, etc.

1 Para convivir necesitamos normas

Para que relacionarnos cos demais sexa máis doado establecéronse unha serie de **normas de convivencia**. Entre elas, salientan:

- **Cumprir coas nosas obrigas** na aula (portándonos ben e estudando) ou na casa (colaborando nos labores do fogar).
- **Respectar os demais**. Así, é importante saudar sempre, responder cando nos falan, comer utilizando os cubertos, poñer un pano na boca ao esbirrar, non dicir mentiras ou non facer trampas no xogo.
- **Axudar os demais en todo o que poidamos**; por exemplo deixarlle o asento do tren a unha persoa maior ou eivada, a unha muller embarazada.

Estas normas, se non se cumpren, supoñen o rexeitamento dos demais a quen non as segue. Son as normas **morais**.

Saudarse ou axudar as persoas eivadas son accións que favorecen a convivencia cos demais.

1. Paréceche importante cumprir coas normas de convivencia establecidas? Por que? Cales son para ti as normas máis importantes?

2 As leis

Este cartel amósanos unha norma legal: está prohibido fumar en lugares públicos.

Hai normas que, se non se cumpren, implican un castigo. Son as normas legais ou **leis**, que castigan accións como non respectar os sinais de tráfico, non pagar o billete de tren ou roubarlles aos demais.

Algunhas destas accións castíganse con multas, pero o castigo pode chegar a ser tamén a perda de liberdade.

2. Que diferenza hai entre as normas legais e as normas morais?

84 Tema 6

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Interpersoal	1	Valorar as normas de convivencia como ferramenta imprescindible para nos relacionar cos demais.
	6	Buscar información sobre as tarefas desenvolvidas por unha organización formada por voluntarios sociais.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Defender a igualdade de dereitos, rexeitando a intolerancia por razón de idade, sexo ou raza. Respectar as normas de convivencia na redonda familiar, escolar e veciñal.	Explicar que son as normas de convivencia e a importancia de as cumprir. Act. 1, 2, 5. Defender a igualdade das persoas sen importar o seu sexo, idade ou raza. Act. 3. Valorar o labor desenvolvido polas organizacións de voluntarios sociais. Act. 4 e 6.
Aprender a aprender	Buscar información relevante sobre diversos aspectos da área. Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Investigar sobre unha organización de voluntariado social. Act. 6. Crear unha táboa para organizar as normas legais e as normas morais de convivencia. Act. 5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

3 Todos somos diferentes, pero iguais

A sociedade actual caracterízase por estar composta por persoas de culturas distintas.

Se miramos ao noso redor decatámonos de que as persoas non somos todas iguais.

O aspecto físico, os costumes, a relixión ou o carácter diferénciannos uns dos outros.

Pero malia estas diferenzas, son moitas máis as cousas que unen as persoas que as que nos diferencian. Así, todos rimos, choramos, temos medos e curiosidade ou nos gusta facer amigos.

Se respectamos todas as persoas lograremos unha sociedade mellor para todos.

3. Sabes cal é o sentido da frase "todos somos diferentes, pero iguais"?

4 O voluntariado

Na actualidade existe un gran número de persoas que axudan e contribúen co seu traballo á mellora da sociedade.

Son os **voluntarios** e as **voluntarias** sociais, que traballan para axudar as persoas en situacións de pobreza, de fame ou con problemas de saúde.

Os voluntarios e voluntarias adoitan formar parte de asociacións e Organizacións Non Gobernamentais (ONG) nas que traballan de forma voluntaria e desinteresada.

4. Que traballos realizan os voluntarios e as voluntarias sociais?

Médicos Sen Fronteiras, Oxfam Intermón ou Greenpeace son algunhas das ONG que traballan en todo o mundo.

5. Debuxa unha táboa con dúas columnas e anota como título, nunha *normas legais*, e na outra *normas morais*. Despois escribe cinco exemplos de cada un destes tipos de normas. Cales che parecen máis necesarias?

6. Coñeces algunha asociación ou organización formada por voluntarios e voluntarias sociais? Escribe o seu nome e busca información sobre que tipo de organización é e a quen axuda.

Todos somos diferentes en relación ao noso aspecto físico, aos nosos costumes, á nosa cultura, á relixión, á nosa nacionalidade, ao noso carácter, aos nosos gustos persoais, etc.

Non obstante, todos os seres humanos somos iguais respecto a unha serie de características que temos en común como son: a capacidade de rir ou de chorar, de ter medos e curiosidade polo que nos rodea, a necesidade de ter amigos, etc. Tamén somos iguais porque todos temos a obriga de respectar as normas de convivencia.

4. Os voluntarios e as voluntarias sociais contribúen co seu traballo á mellora da sociedade posto que axudan as persoas en situacións de pobreza, de fame ou con problemas de saúde.

Xeralmente, desempeñan o seu labor a través de asociacións e Organizacións Non Gobernamentais (ONG) nas que traballan de forma voluntaria e desinteresada. Son algúns exemplos de ONG que traballan en todo o mundo Médicos Sen Fronteiras, Oxfam Intermón ou Greenpeace.

5. Actividade persoal. A modo de exemplo, podemos dicir que as normas legais ou leis son de obrigado cumprimento para todas as persoas que viven nun país. As normas morais facilitan a convivencia en ámbitos máis reducidos, como a familia, a escola, a comunidade de veciños, o lugar de traballo, os hospitais, etc.

6. Actividade persoal. A modo de exemplo, podemos citar: Cruz Vermella Española, Cáritas, Comisión Española de Axuda ao Refuxiado, a ONCE, etc.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676060– Podemos visionar este audiovisual para que os alumnos poidan entender mellor o concepto de ONG.

A continuación, podemos preguntarlles:

– *Coñeces algunha ONG? A quen ou a que van dirixidas as súas actuacións?*

– *Colaboraches ti ou algún familiar teu como voluntarios? Onde?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta sección analizaremos as características máis destacadas da convivencia cidadá:
- Identificaremos como se organiza a convivencia cos veciños da nosa localidade.
- Comentaremos como se leva a cabo a participación cidadá.
- Sinalaremos cal debe ser a nosa conduta nos espazos públicos.

Solucións das actividades

1. Cando falamos dos nosos veciños referímonos ás persoas que non pertencen á nosa familia pero que viven na nosa localidade e coas que nos relacionamos con certa frecuencia. Poden ser, por exemplo, os veciños da nosa escaleira ou os veciños do barrio no que vivimos.

   A boa convivencia veciñal fundaméntase no respecto aos dereitos dos demais.

   Por exemplo, non debemos molestar os nosos veciños xogando a berros ou pondo a música moi alta. Ao mesmo tempo, temos o dereito a que os demais respecten o noso descanso.

2. Resposta persoal.

   Os alumnos poderán escoller algunha asociación de carácter cultural, algunha asociación de veciños do barrio ou algún clube deportivo.

3. Resposta persoal. A modo de exemplo, podemos suxerir as seguintes accións:
   - Non pegar carteis nin publicidade fóra dos espazos asignados.
   - Evitar os xogos que poidan molestar os demais.
   - Utilizar correctamente os bancos das rúas e prazas.
   - Non ocupar espazos públicos para a celebración de actos privados.
   - Facer uso do espazo público sen impedir o paso doutras persoas.
   - Respectar os sinais.

2 A convivencia cidadá

Ademais da convivencia coa túa familia e coa comunidade escolar na que estudas, tamén vives nunha aldea, nunha vila ou no barrio dunha cidade onde debes contribuír de forma responsable á vida comunitaria.

1 A convivencia cos veciños

As persoas que viven na nosa localidade son os nosos **veciños**.

Son aquelas persoas que non pertencen á túa familia e coas que te relacionas con certa frecuencia porque vives no mesmo lugar.

Para garantir unha boa convivencia cos nosos veciños e veciñas temos a obriga de respectar os seus dereitos.

Así, temos o deber de non molestar os nosos veciños xogando a berros ou poñendo a música moi alta. Asemade, tamén temos o dereito a que eles respecten o noso descanso.

1. Quen son os nosos veciños? En que se basea a boa convivencia veciñal?

2 A participación cidadá

Un club deportivo é un exemplo de participación cidadá.

Todos os veciños e veciñas temos o dereito e mais o deber de participar na organización da nosa vila ou cidade.

Podémolo facer votando nas eleccións ao Concello, presentándonos como candidatos para un cargo municipal, como alcalde ou rexedor, ou participando nas actividades festivas e culturais.

Ademais é posible formar parte das institucións ou das asociacións que traballan para o bo funcionamento da localidade, como as asociacións culturais, de veciños ou os clubs deportivos.

2. Coñeces algunha asociación da túa localidade? Sabes de que se ocupa?

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Interpersoal	3	Reflexionar acerca das accións que garanten unha boa conservación do espazo público.
	5	Debater as normas de convivencia que deben rexer as relacións entre veciños nun barrio.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Respectar as normas de convivencia na redonda familiar, escolar e veciñal. Recoñecer as particularidades da redonda social máis ampla: a localidade.	Debater e expor as normas de convivencia veciñal. Act. 1, 4, 5. Analizar diferentes vías de participación cidadá na nosa aldea ou cidade. Act. 2. Recoñecer as accións que garanten unha boa conservación do espazo público. Act. 3.
Comunicación lingüística	Comentar cuestións en grupo respectando as observacións dos demais.	Participar nun debate achegando opinións argumentadas e ben construídas sintacticamente. Act. 5.
Sentido de iniciativa e espírito empren...	Saber expresar os gustos e as opinións persoais.	Achegar o propio punto de vista a un debate en grupo. Act. 5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

3 Os espazos públicos

Os espazos e equipamentos públicos (rúas, prazas, xardíns, centros culturais e deportivos...) son espazos de convivencia.

O mantemento destes espazos correspóndelle ao Concello, pero é responsabilidade de todos os veciños e veciñas da localidade preocuparse polo seu bo estado de conservación. Así, entre outras accións, debemos procurar:

- Coidar do mobiliario público e respectalo. Non facer pintadas nin graffitis nas paredes ou noutros espazos.
- Non tirar papeis ao chan e utilizar as papeleiras.
- Se temos animais, recoller os seus excrementos.
- Non deixar lixo fóra dos colectores.

Pequenas accións, como utilizar os colectores, son de grande axuda para o coidado dos espazos públicos.

Se non somos coidadosos cos espazos públicos, o resto de persoas non poden gozar deles.

3. Engade outras accións que ti podes facer para a boa conservación do espazo público.

4. Responde estas preguntas sobre a convivencia cos teus veciños:

- Sabes como se chaman?
- Estiveches algunha vez na súa casa ou eles na túa?
- Son amigos teus ou de teus pais?
- Adoitas xogar con eles?

5. Formade grupos e debatede que normas vos parecen importantes para que haxa unha boa convivencia entre os veciños do voso barrio.

- Escollede cinco e escribídeas.
- Comparádeas coas que propuxeron os outros grupos e, entre toda a clase, votade as 10 que vos parezan mellores.

- Respectar as limitacións de idade no uso dalgúns parques infantís.
- Lembrar que o espazo público é de todos e que todos contribuímos a conservalo cos nosos impostos.
- Non realizar actividades que poidan implicar un risco evidente: facer lume, tirar pedras, etc.
- Tirar o lixo aos contedores dentro do horario marcado polo Concello.

4. Resposta persoal.

5. Actividade en grupo.

Actividades de reforzo

1. Pedirémoslles aos alumnos que, entre todos, confeccionen un decálogo que recolla as normas básicas de convivencia na aula.

Unha vez escollido polo acordo de toda a clase elaborarao nun documento Word e colocarase na aula para que todos o teñan presente en calquera momento.

Solución: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. Formularémoslles aos alumnos as seguintes situacións e entre todos tratarán de buscar unha solución a cada unha delas:

- O veciño do 4º 3ª pon a música a todo volume a altas horas da noite.
- Os nenos non poden xogar nun parque infantil porque un grupo de rapaces maiores se reúnen alí cada tarde.
- Un veciño do barrio saca a pasear o seu can pero nunca recolle os seus excrementos.

Solución: Actividade en grupo.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/676061– Observaremos este vídeo sobre a convivencia veciñal. A continuación, preguntarémoslles:
- *Tiveches ou coñeces a alguén que tivese problemas cos veciños?*
- *Cres que todos os problemas de convivencia se solucionan amigablemente?*

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta sección céntrase na análise da importancia que teñen as tradicións e as lendas na nosa cultura. Os alumnos coñecerán:
  - En que consisten e cales son algunhas das nosas tradicións.
  - Que son as lendas e como se forman.
- Ademais, leremos un texto informativo sobre a lenda do sepulcro do Apóstolo Santiago.

Solucións das actividades

1. As tradicións son o conxunto de costumes, sucesos ou formas de actuar que son propios do pasado dunha aldea ou dunha cidade e que o identifican e o diferencian do resto. Transmítense dunha xeración a outra.

   Algúns dos principais elementos que forman parte da tradición son:
   - A música, as cancións e os bailes populares.
   - Os vestidos, como os traxes rexionais.
   - A artesanía dun lugar, formada por exemplo pola fabricación de obxectos de cerámica, de pel, de vimbio ou de metal.
   - As comidas, como os pratos ou as sobremesas que son típicos dun lugar.
   - As festas como, por exemplo, a festa maior, o Nadal ou o Entroido.
   - As lendas que son propias dun país, Comunidade Autónoma, aldea ou cidade.
   - Os refráns, que son frases breves que nos transmiten unha mensaxe enxeñosa e instrutiva.

2. As tradicións transmítense dunha xeración a outra a través dos avós e os pais, a través das celebracións e dos costumes que se repiten cada certo tempo.

   Tamén pode ocorrer que se recuperen algunhas tradicións perdidas a través da análise de libros ou fotografías.

3 Tradicións e lendas

Todas as comunidades humanas teñen un conxunto de tradicións e lendas conservadas do pasado. Adóitannos chegar a nós a través de avós e pais e, no futuro, transmitirémosllelas aos nosos fillos.

1 As tradicións

As **tradicións** son o conxunto de costumes, sucesos ou formas de actuar propios do pasado dunha vila ou dunha cidade.

Cada país, Comunidade Autónoma, aldea, vila ou cidade ten as súas propias tradicións que o identifican e o diferencian dos demais.

As tradicións transmítense dunha xeración a outra, e forman parte delas:

- As cancións e os bailes populares.
- Os vestidos, como os traxes típicos de cada Comunidade.
- A artesanía, por exemplo a fabricación de obxectos de cerámica, pel, vimbio ou metal.
- As comidas, como os pratos típicos.
- As festas, por exemplo a festa maior ou patronal, ou o Nadal.
- As lendas.
- Os refráns.

1. Que son as tradicións? Cita elementos que forman parte das tradicións.
2. Como cres que se transmiten as tradicións dunha xeración á seguinte?

As festas, os traxes típicos das Comunidades Autónomas ou a artesanía son exemplos de tradicións.

O roscón de Reis é unha sobremesa tradicional que se come o día 6 de xaneiro.

Os refráns

Un **refrán** é unha frase breve que nos transmite unha mensaxe enxeñosa e instrutiva. Os refráns teñen un significado que debemos interpretar.

Así "máis ven catro ollos ca dous" significa que é mellor traballar en equipo ca só; ou "polo bico morre o peixe" indica que se falamos demasiado podemos ter un problema.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Recoñecer as particularidades da redonda social máis ampla: a localidade. Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Explicar que son as tradicións, as lendas e os refráns, e como se transmiten de xeración en xeración. Act. 1-3, 5. Nomear tradicións da nosa Comunidade Autónoma. Act. 4. Explicar unha lenda da propia localidade. Act. 6.
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender.	Buscar na Internet unha lenda da localidade ou a Comunidade. Act. 6.
Comunicación lingüística	Ler un texto e responder as preguntas sobre o seu contido. Utilizar diferentes variantes do discurso.	Interpretar o significado de diversos refráns populares. Act. 5. Resumir unha lenda local ou da Comunidade Autónoma. Act. 6.
Conciencia e expresións culturais	Valorar as manifestacións culturais asociadas ás festas da localidade e outros lugares.	Recoñecer as tradicións características da Comunidade e interpretar refráns populares. Act. 4-5.
Aprender a aprender	Buscar información relevante sobre diversos aspectos da área.	Buscar unha lenda local ou da Comunidade Autónoma. Act. 6.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

2 As lendas

Moitas lendas antigas explícanse de forma oral.

Unha **lenda** é unha narración, oral ou escrita, na que se explican feitos fantásticos, sucedidos hai moito tempo, coma se se tratase de feitos reais.

Os protagonistas das lendas son os heroes e as heroínas. Algúns existiron realmente e outros son inventados, pero a todos se lles atribúen feitos extraordinarios.

As lendas adoitan estar relacionadas coas orixes históricas dunha aldea, vila ou cidade, cos seus costumes ou cos seus símbolos (a bandeira, o escudo...).

3. Que son as lendas? Os personaxes lendarios, existiron realmente?

A lenda do sepulcro do Apóstolo Santiago

Di a lenda que o Apóstolo Santiago estivo predicando o cristianismo en España.

Despois volveu a Palestina onde foi condenado a morte e o seu corpo foi trasladado polos seus discípulos nun barco de pedra a Galicia, onde foi soterrado.

Pasaron os anos e, ao redor de 813, un ermitán observou unha chuvia de estrelas sobre un campo. Avisou o bispo e alí atoparon enterrados os restos do Apóstolo.

Nese mesmo lugar do achado, o rei de Asturias ordenou construír unha igrexa. Máis tarde sobre esta igrexa construíuse a catedral de Santiago de Compostela.

A catedral de Santiago de Compostela.

4. Nomea algunhas das tradicións que son características da nosa Comunidade Autónoma. Di cal é a que máis che gusta.

5. Le os seguintes refráns e explica o significado que cres que teñen:

- Na boca pechada non entra nada.
- Sobre gustos e cores non escribiron os autores.
- Traballo feito non mete présa.

Despois expón as túas explicacións na clase e compáraas coas dos demais.

6. Busca na Internet algunha lenda da túa localidade ou da Comunidade Autónoma.

Di quen son os protagonistas e fai un resumo escrito da lenda.

3. As lendas son narracións orais ou escritas, que explican feitos fantásticos, sucesos ocorridos fai moito tempo, como se se tratase de feitos reais.

As lendas adoitan estar relacionadas coas orixes históricas dunha aldea ou dunha cidade, cos seus costumes ou cos seus símbolos como, por exemplo, a bandeira ou o escudo.

Os protagonistas das lendas acostuman ser heroes ou heroínas.

Algúns existiron realmente e outros son inventados, pero todos teñen en común o feito de que se lles atribúen feitos extraordinarios.

4. Actividade persoal.

5. Actividade persoal. A modo de exemplo, podemos dicir:

- *En boca pechada non entran moscas*: significa, basicamente, que sexamos prudentes á hora de falar. Utilízase en situacións nas que é mellor calar ou non dicir algo inapropiado que se pensa para evitar ferir os sentimentos doutras persoas ou provocar situacións incómodas.
- *Treballo feito non mete présa*: este refrán aconsella dilixencia e non pospor as obrigas. Se temos un deber entre mans é mellor realizalo canto antes porque nunca se sabe o que pode deparar o futuro.
- *Sobre gustos e cores non escribiron os autores*: Cada un é libre de desexar ou de opinar o que queira. Estas apreciacións son de carácter persoal e, polo tanto, non se pode sentenciar sobre elas.

6. Actividade persoal.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/685832 – Enlace que podemos utilizar para coñecer o refrianeiro galego. A continuación preguntaremos:
- *Coñeces algún destes refráns? Utilizáchelos? Coñeces a alguén que utilice os refráns?*
- *Coñeces algún refrán máis que non saia nesta páxina web?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Actividades de reforzo

1. Pedirémoslles aos alumnos que digan cales son os elementos tradicionais que son característicos da súa Comunidade: *cancións, bailes, vestidos, comidas, etc.*

Solución: Actividade persoal.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta dobre páxina céntrase na análise da orixe e a función das festas. Comentaremos:
  - A importancia que teñen as festas tradicionais na nosa sociedade.
  - Compararemos a orixe de diversas festas.
- Ademais, estableceremos os diferentes tipos de festas segundo sexan locais, históricas e relixiosas.

Solucións das actividades

1. As festas tradicionais son as celebracións que se repiten todos os anos nas que compartimos os momentos alegres cos demais. Nelas conmemórase algún acontecemento importante.
2. Moitas das festas tradicionais que celebramos teñen a súa orixe en acontecementos históricos ou relixiosos.

   Noutras ocasións, están relacionadas coa natureza e cos traballos agrícolas, como a sementeira, a sega ou a recolección.

   Tamén hai algunhas festas que son de nova incorporación e que teñen a súa orixe na influencia doutras culturas, como é o caso de Halloween.
3. A maior parte das festas tradicionais celébranse nunha datas determinadas, sempre o mesmo día do ano.

   Porén, hai algunhas festas tradicionais, como é o caso do Entroido, que teñen inmediatamente antes da coresma cristiá, pero cunha data variable que se sitúa entre febreiro e marzo segundo o ano.
4. Resposta persoal.
5. Resposta persoal.

   A modo de exemplo, podemos nomear as seguintes festas que non foron citadas no texto do libro:

   – *Festas históricas*: Día da Constitución (6 de decembro), Festa do Traballo (1 de maio).

4 As festas

As persoas reúnense para celebrar festas e conmemorar acontecementos importantes: feitos históricos, tradicións relixiosas, etc. Ao longo do ano celébranse festas na escola, na localidade ou no fogar coa familia.

1 Vivimos as festas

As persoas compartimos as nosas vivencias coa xente que nos rodea. As **festas** son un xeito de compartir os momentos alegres.

Ao longo do ano, en todas as vilas e cidades se celebran festas ou conmemoran acontecementos importantes. Algunhas festas proveñen de tradicións antigas e poden ser de orixe histórica ou relixiosa.

Outras están relacionadas coa natureza e con traballos agrícolas, como a sementeira, a sega, a colleita, etc.

Co tempo mudan as formas de divertirse e os tipos de festas que celebramos. Tamén se incorporan novas celebracións procedentes doutros lugares.

Rapa das bestas

Halloween

Feira de Abril de Sevilla

Algunhas festas populares celébranse desde hai moito tempo. Outras, como a festa de *Halloween*, comezaron a se celebrar no noso país nos últimos anos.

As datas das festas

Moitas festas teñen unha **data fixa** e celébranse sempre o mesmo día, como por exemplo, a Noitevella.

Outras festas, no entanto, teñen unha **data variable** e celébranse en días diferentes cada ano, como o Entroido.

1. Que son as festas tradicionais?
2. Cal é a orixe de moitas das festas que celebramos?
3. Todas as festas do ano se celebran nunha data fixa? Razoa a túa resposta.
4. Cal é a túa festa favorita? Como a celebras?

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Recoñecer as particularidades da redonda social máis ampla: a localidade. Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia.	Explicar que son as festas tradicionais, cal é a súa orixe e significado. Act. 1-5. Expor algunhas festas familiares e outras do colexio. Investigar sobre as festa maior da localidade e crear un programa de festas. Act. 7-8.
Conciencia e expresións culturais	Realizar traballos manuais seguindo as instrucións que se propoñen. Valorar as manifestacións culturais asociadas ás festas da localidade e outros lugares.	Comentar o significado e orixe das festas familiares, do colexio e a propia localidade. Act. 6-7. Crear un cartel e un programa para as festas patronais da propia localidade. Act. 8.
Aprender a aprender	Realizar as tarefas encomendadas e presentalas de forma pulcra e ordenada.	Elaborar un cartel e un programa de festas seguindo as instrucións do libro de texto. Act. 8.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Participar de forma autónoma na planificación de actividades.	Planificar os pasos para crear un cartel e un programa de festas para a localidade. Act. 8.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

2 Tipos de festas

Segundo o lugar e o feito que se celebre, as festas clasifícanse en:

- Festas **locais**. Son as festas propias dunha localidade. A máis importante é a festa maior ou patronal.
- Festas **históricas**. Conmemoran un feito histórico. Así, por exemplo, o 12 de outubro lémbrase o día en que Cristovo Colón chegou a América.
- Festas **relixiosas**. Lembran algunha tradición relixiosa. No Nadal conmemoramos o nacemento de Xesús, e nas festas do santoral, a Inmaculada, Santiago, San Xosé...

O programa das actividades para as festas patronais adoita ser moi variado.

As procesións relixiosas son moi típicas durante a Semana Santa.

5. Busca e nomea exemplos de festas históricas e relixiosas que se celebren na túa localidade e que non se citasen no texto.

As festas de Mouros e Cristiáns lembran a presenza musulmá na Península na Idade Media.

6. Que festas celebras en familia? Cales no colexio?

7. Que patrón ou que feito conmemora a festa maior da túa localidade? En que días se celebra e quen cres que se encarga da súa organización?

8. Imaxina que es a persoa encargada de organizar as festas patronais da túa localidade. Para iso deberás pensar as actividades que se realizarán, facer un programa cos días e horarios de cada actividade e debuxar un cartel que anuncie as festas.

– *Festas relixiosas*: Ano Novo (1 de xaneiro), o Día de Reis (6 de xaneiro), Festa da Candelaria (2 de febreiro), Asunción da Virxe (15 de agosto), Todos os Santos (1 de novembro), etc.

6. Resposta persoal. A modo de exemplo, podemos dicir que, ademais das festas que marca o calendario, na casa adóitase celebrar o día do aniversario e o día do santo de cada un dos membros da familia. Tamén poden celebrarse outros acontecementos familiares.

No colexio celébranse as vacacións de Nadal, as de Semana Santa, os días festivos nacionais, as festividades locais e todas aquelas que teñen que ver coas celebracións tradicionais como, por exemplo, o Entroido ou a castañeira.

7. Resposta persoal.

A celebración da festa maior da localidade organízaa o Concello do municipio.

8. Actividade persoal.

Actividades de ampliación

1. Os alumnos describirán algunhas imaxes do libro respondendo as seguintes preguntas:

– *Como visten as persoas na festa de Calanda?*

– *Que instrumento musical utilizan nesta festa?*

– *En que fotografía están a bailar? Como son os vestidos?*

– *Que podemos ver na pro-cesión de Semana Santa?*

Tamén lles preguntaremos polas súas experiencias persoais:

– *Participastes nalgunha festa parecida ás das fotos?*

– *Quen vos acompañaba? Que recordos tendes da festa?*

Solución: Actividade en grupo.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/676063 – Podemos acceder a este recurso para localizar as festas de calquera aldea de España.

Preguntarémoslles aos alumnos se coñecen ou viron as festas doutras aldeas. A continuación, pedirémoslles que expliquen, a modo de resumo, en que consisten, de que tipo son, cando se celebran, que comida tradicional se elabora…

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Neste apartado analizaremos a importancia de respectar as normas básicas de educación vial:
  - Como se organiza o tráfico de persoas e vehículos.
  - Os diferentes tipos de sinais: sinais luminosos, horizontais, verticais ou as dos axentes de tráfico.
- Comentaremos, ademais, algúns exemplos de sinais de perigo, obriga, prohibición ou información.

Solucións das actividades

1. O tráfico é o desprazamento das persoas e dos vehículos polas rúas, estradas e vías públicas en xeral.
2. Se ninguén dirixise o tráfico e non se respectasen as normas de educación vial, a circulación sería un caos e produciríanse moitos conflitos e accidentes.
3. Os sinais de perigo teñen forma triangular e son de cor vermella.

   Polo contrario, os sinais de información teñen forma cadrada e son de cor azul.

   Os sinais de prohibición e as de obriga teñen en común a forma, porque son circulares.

   Diferéncianse na cor, porque mentres as de prohibición son de cor vermella, as de obriga son de cor azul.

   O significado dos sinais que aparecen no libro é o seguinte:

Perigo: obras

Proximidade dun semáforo

5 Descubro...

Como deben circular os peóns e os condutores

A educación viaria é o conxunto de coñecementos, regras e normas que todos debemos saber para poder transitar pola vía pública como peóns ou condutores dun vehículo.

- ✔ Chamámoslle **tráfico** ou **tránsito** ao desprazamento das persoas e dos vehículos polas rúas, estradas e vías públicas en xeral.
- ✔ O tráfico organízase mediante **normas e sinais de tráfico** que regulan a circulación de vehículos e peóns.
- ✔ Segundo o tipo de información que nos proporcionan, os **sinais de tráfico** poden ser: luminosos, horizontais, verticais e sinais dos axentes que regulan o tránsito.

SINAIS LUMINOSOS

Serven para regular a circulación por medio de luces de cores.

Tanto os condutores coma os peóns teñen que respectar os semáforos e agardar que se acenda a luz verde para poder circular ou cruzar a rúa respectivamente.



SINAIS HORIZONTAIS

Son liñas, frechas ou marcas pintadas no chan como os pasos de peóns, vaos, frechas, carrís de bicicleta, etc.

92 Tema 6

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Interpersoal	2	Reflexionar acerca da necesidade de persoas e sinais que regulen o tráfico de vehículos e peóns.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Respectar as normas de convivencia na redonda familiar, escolar e veciñal.	Explicar que é o tráfico e razoar a necesidade de sinais e persoas que o regulen para garantir a seguridade. Act. 1 e 2. Identificar os principais sinais verticais de tráfico e expor o seu significado. Act. 3.
Comunicación lingüística	Describir elementos empregando o vocabulario propio da área. Utilizar diferentes variantes do discurso.	Definir o tráfico utilizando de forma correcta o vocabulario específico da área. Act. 1. Expor o significado dalgúns sinais verticais de circulación. Act. 3.
Aprender a aprender	Buscar información relevante sobre diversos aspectos da área.	Buscar información sobre o significado de diversos sinais verticais de circulación. Act. 3.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Perigo

Obriga

Prohibición

Información

SINAIS VERTICAIS

Son rótulos que teñen símbolos escritos e se sosteñen por un ou varios postes.

Estes sinais poden indicar perigo, prohibición, obriga ou información.

AXENTES DE TRÁFICO

Os axentes de tráfico dinnos o que temos que facer segundo a posición dos brazos e os toques de asubío.

1. Explica coas túas palabras o que é o tráfico.
2. Que pasaría se non houbese ningún que dirixise o tráfico e os peóns e condutores circulasen de calquera xeito?
3. Observa os sinais de tráfico verticais desta páxina e responde:
   - Que forma e que cor teñen os sinais de perigo? E os de información?
   - En que son iguais os sinais de prohibición e de obriga? En que son distintos?

   Despois explica o significado de cada un dos sinais representados.

Sentido obrigatorio (de fronte)

Circulación en sentido rotatorio: rotonda.

Prohibido circular

Prohibido aparcar

Hospital cerca

Aparcamento

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/676064– Este vídeo móstranos unha sesión de educación vial onde se lembran as normas e os sinais de circulación. Podemos proporlles que fagan un mural para a aula coas normas e os sinais de tráfico.
- http://www.tiching.com/685834 – O alumno pode utilizar este recurso con xogos interactivos para repasar os coñecementos sobre educación vial.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Actividades de ampliación

1. Proporémoslles aos nenos que debuxen sobre o chan do patio un circuíto con rotondas que incorpore algunhas dos sinais de circulación máis habituais que prepararán eles mesmos en clase debuxándoas sobre papel.

Solicitaremos a algúns nenos que fagan de axentes de tráfico dando paso ou detendo os compañeiros que realicen o circuíto.

Lembrarémoslles que as indicacións dos axentes teñen prioridade en caso de coincidir con outros sinais.

Solución: Actividade en grupo.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- O apartado *Repaso o aprendido* permitirá que os alumnos revisen os contidos traballados nos distintos apartados:

- Un esquema ordena visualmente os distintos contidos que apareceron ao longo da unidade.
- Repásanse as características da convivencia cidadá.
- Proponse a redacción sobre algunha festa ou costume que se convertese nunha celebración tradicional.
- Analizaremos o estado de conservación dalgúns espazos públicos da nosa localidade.
- Proponse, finalmente, un xogo que consistirá en descubrir se o texto que acompaña a cada sinal de tráfico é correcto ou non.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal.

2. Para que a convivencia sexa máis doado, a sociedade estableceu unhas normas que non son todas iguais: as *normas legais*, que se castigan se non se cumpren e as *normas morais.*

Os voluntarios e voluntarias sociais contribúen co seu *traballo* á mellora da *sociedade*.

As persoas que viven na nosa localidade son os nosos *veciños* e debemos respectar os seus *dereitos.*

As *tradicións* son o conxunto de costumes, sucesos ou formas de actuar propios dunha comunidade. Exemplos son a artesanía, as *festas*, as *lendas*, as comidas, etc.

3. Actividade persoal.

4. Actividade persoal.

5. O significado correcto de cada sinal é o seguinte:

Prohibido o paso a peóns

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no teu caderno.

- Para que a convivencia sexa máis doada, a sociedade estableceu unhas … que non son todas iguais: as … que se castigan se non se cumpren e as … .
- Os voluntarios e voluntarias sociais contribúen co seu … para axudar as persoas con … .
- As persoas que viven na nosa localidade son … e teñen uns … e … que garanten a convivencia.
- As … son o conxunto de costumes, sucesos ou formas de actuar propios dunha comunidade. Exemplos son a artesanía, as …, as …, as comidas, etc.

3. Fai unha redacción.

- Escribe unha breve redacción na que expliques algunha festa ou costume que se adoite celebrar na túa casa e que estea relacionada cunha tradición do pasado. Explica polo miúdo en que consiste a devandita celebración e se co paso do tempo foi cambiando. Por último, valora se cres que é importante conservala.

94 Tema 6

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	3	Redactar un texto explicativo sobre algunha festa ou costume familiar relacionada co pasado.
Interpersoal	6	Observar o estado de conservación dun parque público e comentar accións para garantir o seu bo estado.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Respectar as normas de convivencia na redonda familiar, escolar e veciñal. Recoñecer as particularidades da redonda social máis ampla: a localidade. Desenvolver interese pola propia cultura e valorar outras culturas.	Expor as características fundamentais da convivencia en sociedade. Act. 1 e 2. Explicar un costume ou festa familiar vinculada ao pasado. Act. 3. Observar o estado de conservación dun parque público. Act. 4. Interpretar o significado de diversos sinais de circulación. Act. 5.
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Interpretar un mapa conceptual do tema. Act. 1.
Comunicación lingüística	Utilizar diferentes variantes do discurso.	Explicar por escrita unha festa ou costume familiar. Act. 3.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

4. Observamos o coidado dos espazos públicos.

Imos ver como se conservan algúns dos espazos públicos existentes na nosa localidade:

a. Cada alumno ou alumna irá ao parque onde adoita xogar ou a outro que estea preto da súa casa ou da escola.

b. Alí, deberán observar en que estado se atopan os obxectos do mobiliario urbano e apuntalo. Fixaranse, principalmente, nas papeleiras, nas randeeiras e tobogáns, no areeiro, nas flores e nas plantas, etc, e anotarán se están en bo estado ou rotos, se hai pintadas, se o parque está limpo, etc.

Tamén observarán como actúan as persoas que van ao parque: se utilizan as papeleiras, como coidan os seus animais, se respectan o mobiliario, etc.

c. Poñeremos en común a información na aula e iremos clasificando as accións das persoas en correctas e incorrectas. Se hai cousas rotas, estragadas ou sucias, reflexionaremos sobre o que se fixo mal.

Finalmente, comentaremos que é o que nós podemos facer para manter o parque en bo estado.

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

5. Descubre se é verdadeiro ou falso.

Observa o texto que se achega con estes sinais de tráfico e, utilizando o sentido común, di se é verdadeiro ou falso. No caso de que sexa falso, explica cal é o significado correcto.

Prohibido o paso aos adultos de máis de 35 anos

Perigo de extraterrestres

Estudios de cine. Non interromper a película

Prohibido o paso

Prohibido o paso a vehículos que pesen menos de 12 toneladas

Subida con forte pendente

Prenda a calefacción do vehículo

Ceda o paso

Perigo indefinido

Cámping

Entrada prohibida

Entrada prohibida a vehículos de máis de 12 toneladas

Suba con forte pendente

Obriga de utilizar luces de cruzamento

Ceda o paso

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676067 – Podemos utilizar esta imaxe dun parque infantil como exemplo de espazo público. A continuación, podemos realizar unha listaxe sobre normas e necesidades para ter unha boa convivencia neste espazo.
- http://www.tiching.com/676070 – Visionaremos este audiovisual para facer un resumo sobre o tema da convivencia.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	**WEBS**
http://www.tiching.com/676060	https://www.youtube.com/watch?v=yEIcXHW6JdA
http://www.tiching.com/676061	https://www.youtube.com/watch?v=b9FJB9aH0HI
http://www.tiching.com/676063	http://www.portalfiestas.com/
http://www.tiching.com/676064	https://www.youtube.com/watch?v=kK4CrSFB3Vs
http://www.tiching.com/676067	http://www.parquesinfantilesdeexterior.es/Portals/0/ImagenesBlog/Parques-infantiles-gimnasios-aunor.jpg
http://www.tiching.com/676070	https://www.youtube.com/watch?v=VFeV8mnHyJA
http://www.tiching.com/677496	http://www.imagui.com/a/derechos-y-obligaciones-de-los-ninos-cbKaxEn8p
http://www.tiching.com/685831	http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1300444420/contido/contenido/oa02.html
http://www.tiching.com/685832	http://refraneirogalego.com/
http://www.tiching.com/685834	http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1337855116/contido/edu_vial/edu_vial.html